

PRIEGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS PARA O CONCURSO PÚBLICO PARA A SUBCONTRATACION DUNHA EMPRESA FORMADORA PARA O DESENROLO DO PROXECTO "Actividades de formación específica marítima"

## OBXETO DO CONCURSO

A Federación Provincial de Cofradías de Pescadores de Lugo (FPCPL) saca a Concurso Público a subcontratación dunha empresa formadora para levar a cabo a realización dunha serie de cursos obrigatorios no ámbito da pesca dentro do proxecto: "Actividades de formación específica marítima" en base a ORDE do 9 de novembro do 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva. Axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencia profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro.

O proxecto : "Actividades de formación específica marítima", ten como obxectivo desenrolar una serie de accións formativas durante o ano 2022, accións desenroladas a través dunha empresa formadora homologada.

O artigo 7.1.b da Orde mencionada anteriormente, informa da posibilidade de contratación de empresas ou entidades prestadoras de servizos.

O artigo 7.5 informa de que " cando o importe do gastos subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso de obra, ..."

## A. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

A adxudicación realizarase a través de procedemento aberto, da cordo có establecido pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (no sucesivo LCSP 2017 TEXTO REFUNDIDO DE LA LEY DE CONTRATO DEL SECTOR PÚBLICO (RDL3/2011 do 14 de novembro. De conformidade con isto, para a elaboración e adxudicación deste contrato será de aplicación o disposto no artigo 317 da LCSP 2017, e os seus efectos e resolución rexeranse polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, o disposto no 319 LCSP 2017 e polas normas de dereito privado.



O prazo de presentación de proposicións será de 10 días hábiles contados desde o día da publicación (incluída) na páxina web da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo. As solicitudes presentaranse en sobre pechado na sede da dita entidade, sendo o día 15 de decembro, ás 08.00 horas, o prazo establecido para o efecto.

## **B. ORZAMENTO BASE DA LICITACIÓN E PERIODIFICACIÓN DOS PAGAMENTOS**

O orzamento base máximo da licitación é de 31.780,00 € (Trinta e un mil setecentos oitenta euros), IVE non incluído, e o prazo de pagamento é o seguinte: refírese: - ANO 2022: 31.780,00 €

## **C. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO**

O valor estimado do contrato é dun máximo de 31.780,00 € (Trinta e un mil setecentos oitenta euros), IVE non incluído,. Non se admitirán propostas por importe superior a esta. Para os efectos do disposto no artigo 149 LCSP 2017, faise constar que non existen parámetros que permitan considerar que as ofertas son anormalmente baixas

## **D. SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO**

O contratista poderá acordar con terceiros a realización parcial do servizo, cumprindo os requisitos establecidos neste Prego. Durante a execución do contrato, a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Lugo poderá comprobar o estrito cumprimento das actuacións que o contratista deba realizar con todos os subcontratistas ou provedores que participen no contrato.

## **E. DOCUMENTOS QUE TEÑEN CARÁCTER CONTRACTUAL**

Sen prexuízo das obrigas asumidas polo licitador ao formular a súa proposición, terán carácter contractual os seguintes documentos:

- O prego de cláusulas administrativas particulares
- O prego de pregos técnicos
- Documento de formalización do contrato.

## **G. SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL: EXPERIENCIA PREVIA E SOLVENCIA FINANCEIRA**

O licitador deberá acreditar o seguinte:

- Relación de proxectos desenvolvidos pola entidade nos últimos 3 anos coa temática do mar e da pesca.

Experiencia en proxectos que inclúan o desenvolvemento de accións promocionais e de formación.



## **H. RECURSOS HUMANOS**

O licitador deberá poñer a disposición do proxecto persoal necesario e capacitado para o desenvolvemento da actividade formativa:

## **I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:**

### 1 CRITERIOS TÉCNICOS Ata 60 puntos

- A) Calidade da proposta de contidos 0-20
- B) Adecuación da experiencia previa da empresa e do equipo 0-15
- D) Experiencia previa do coordinador e do equipo proposto 0-15
- E) Responsabilidade Social Corporativa da Empresa 0-10

### 2 CRITERIOS ECONÓMICOS E MELLORAS PROPOSTAS Ata 40 puntos

- A) Oferta económica. 0-25
- B) Proposta de melloras 0-15

TOTAL 100 puntos

PUNTUACIÓN MÍNIMA 50 puntos

## **J. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR**

1. Memoria de execución do proxecto.
2. Oferta económica.

A documentación entregárase en formato dixital ao correo electrónico [info@cofradiaslugo.com](mailto:info@cofradiaslugo.com) indicando:

- a) Sobre A: Proposición Técnica.
- b) Sobre B: Proposición Económica.

A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIADAS DE PESCADORES DE LUGO (FPCPL) abrirá as ofertas recibidas todas e procederase á súa avaliación.



# FEDERACIÓN PROVINCIAL COFRADÍAS DE PESCADORES DE LUGO

## K. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración estará formada por \_\_\_\_ membros e estará integrada polos seguintes persoas da FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARIADAS DE PESCADORES DE LUGO (FPCPL):

Esta comisión recibirá copia da documentación recibida o día de remate do presentación, e reunirse o mesmo día para valorar a documentación recibida e proceder a a adjudicación ao licitador que obteña a maior puntuación, superando o mínimo esixido.

En Lugo a 30 de novembro do 2021

33993978R  
JOSE BASILIO  
OTERO (R:  
V27017284)

Firmado digitalmente  
por 33993978R JOSE  
BASILIO OTERO (R:  
V27017284)  
Fecha: 2021.11.30  
09:59:38 +01'00'